



SAMAÍN

2018

Tallar caveiras nas cabazas é un costume galego que, de novo, volta ser popular.

**EQUIPO DE ACTIVIDADES
COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

**EQUIPO
DINAMIZACIÓN
LINGUA GALEGA**

**CEIP GALÁN
OSEIRO-ARTEIXO (A CORUÑA)**

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ALGO DE HISTORIA

Hai anos, coincidindo coa chegada do outono, apañábanse as cabazas que se sementaran entre o millo.



A rapazada que colaborara na colleita era agasallada con algunha destas cabazas para que nelas tallaran caveiras arrepiantes, canto máis arrepiantes moito mellor e que as colocaran, a noite do 31 de outubro e cunha candeia dentro, nos camiños, entre as silveiras, nas fiestras das casas... Co aquel de meterlle medo á xente que pasase a rentes delas.

LEMBRA ...



As cabazas entregáranse no colexio a partires do luns, 29 de outubro pola mañá, á hora da entrada e ata o mércores, día 31.

Recollerán as cabazas alumnos e alumnas de 6º, que entregarán a cada participante un agasallo modelo Samaín 2018.

O mércores, 31 de outubro, durante o recreo, apagaranse as luces do recibidor do colexio e prenderanse as candeas das cabazas.

Á cuarta e quinta sesión do colexio haberá que recoller a cabeza e levala a casa para colocala na terraza, na fiestra... co aquel de meterlle medo á veciñanza.



COMO SE TALLA UNHA CABAZA?



1 Escolle a túa cabaza. O tamaño non importa, pero procura que estea máis verde que madura. Aguantará máis tempo.

2

Coa axuda dun familiar maior corta a parte superior da cabaza e gárdaa. Servirache de tapa.



3

Colle unha culler e baleira o interior da cabaza. Límpaa moi ben para que quede só a tona dura do exterior.

4

Talla unha cara que dea moito medo. Cun coitelo ide tallando os ollos, o nariz, a boca...



5

Decora a cabaza, colócalle unha candeia no interior e xa está. Colócaa na fiestra, na terraza, nun valado, no camiño e... a meter medo á veciñanza!